

**PROGRAMA ACTOS ENTREGA GALARDÓNS CARBALLÉS,  
BERGANTIÑÁN E GALEGO DO ANO 2017.**



DATA: **7 de xuño de 2019.**

LUGAR: **SALON DE PLENOS CASA DO CONCELLO DE CARBALLO.**

HORA: **20´30.**

1. Presidencia:

- Alcalde Concello de Carballo.  
**D. Evencio Ferrero Rodríguez.**
- Representante da Xunta de Galicia.  
**D. Ovidio Rodeiro Tato, Delgado Territorial da Xunta de Galicia en A Coruña**
- Presidenta Padroado Fogar de Bergantiños.  
**Dona Josefina Rey Baldomir.**
- Representante Fundación Luis Calvo Sanz.
- Secretario Padroado Fogar de Bergantiños.  
**D. Pedro Luis Fernández Pombo.**
- Mestra Cerimonia.  
**D<sup>a</sup> María Andrade Suárez**

2. Recepción de autoridades e galardoados na Alcaldía ás 20:00.

3. Comezo do acto ás 20:30, no salón de plenos do Concello.

4. Apertura do acto pola Mestra de Cerimonia D<sup>a</sup> María Andrade, dá a palabra á Presidenta do Padroado, Dona Josefina Rey Baldomir.

5. Mestra Cerimonia dá a palabra ao Alcalde do Concello de Carballo, D. Evencio Ferrero Rodríguez.

6. Mestra Cerimonia dá a palabra ao Secretario do Padroado, D. Pedro Luis Fernández Pombo, que dará lectura da acta de concesión dos galardóns de Carballés, Bergantiñán e Galego do ano 2016.

7. Mestra Cerimonia, presenta: Entrega de galardóns:

- CARBALLÉS DO ANO  
Presentación Multimedia do Carballés do Ano:

### **ESCOLAS DE FÚTBOL LUÍS CALVO SANZ**

Entrega do galardón por **Alcalde de Carballo**.

Recolle: **D. Luciano Calvo Pumpido**

Palabras galardoado.

- **BERGATIÑÁN DO ANO**

Presentación Multimedia do Bergantiñán do Ano

**ALOUMIÑOS, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON NECESIDADES**

**ESPECÍFICAS DA COSTA DA MORTE**

Entrega do galardón por **Representante Fundación Luis Calvo Sanz**

Recolle: **D<sup>a</sup> Claudia Bajo Susany**

Palabras galardoado.

- **GALEGO DO ANO**

Presentación Multimedia do Galego do Ano

**FIOT, FESTIVAL INTERNACIONAL OUTONO DE TEATRO**

Entrega do galardón por **Delegado Territorial Xunta Galicia**

Recollen: **D. Alberto Sueiro Pastoriza**

Palabras galardoado.

8. Mestra Cerimonia dá a palabra ao Representante da Fundación Luis Calvo Sanz.
9. Mestra Cerimonia dá a palabra ao Representante da Xunta de Galicia (que clausura o acto).
10. Mestra Cerimonia anuncia que se pecha o acto co Himno Galego.
11. Foto Oficial de Autoridades cos galardoados no mesmo Salón de Plenos.
12. Viño galego.



**CARBALLÉS DO ANO DO ANO 2017**  
**«ESCOLAS DE FÚTBOL LUÍS CALVO SANZ»**

A mediados dos anos oitenta, en pleno éxtase futbolístico carballés cos ascensos a terceira división segunda división B por parte do Bergantiños Fútbol Clube, os campos anexos ás instalacións de Conservas Calvo eran un fervedoiro de rapaces aspirantes a futbolistas.

Ata daquela, a pesar da preeminencia do fútbol sobre outros deportes en Carballo e na Comarca, o xeito habitual de practicalo pola maioría era organizando «pachangas» ou por medo de ligas de barrio. Nunca antes se tiña producido en Carballo unha organización deportiva coma a que se estaba a levar a cabo no mundo do fútbol. As novas escolas contaban con bos formadores –lembramos a Milo Abelleira-, e tamén se conseguiu a implicación directa dos xogadores do primeiro equipo do Bergantiños, o que significaba, ademais de preparación e formación, servir de exemplo directo e próximo para os máis novos.

Coa integración de novos xogadores de aquí e formados aquí –lembramos a Dani Costa, Miguel, Lema, Tasende, Lito,...- conseguiuuse o título de terceira división co Bergantiños por primeira vez na historia na tempada 93-94. Pero tras dúas tempadas en segunda división B, os descenso de categoría supuxo entrar nunha fase de desencanto que tamén se viu reflexada na formación das canteiras futbolísticas.

Tras uns anos ermos, a principios deste século XXI, concretamente no outono de 2001, con Luciano Calvo Pumpido como Presidente e José Ramón Torres Pichel como coordinador, naceron as Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz, co obxecto de darlle un impulso definitivo á formación dos máis novos no deporte do balompé. O finado José Luis Vara –adestrador daquela do primeiro equipo do Bergantiños, asumiu a dirección deportiva, poñendo as bases do que hoxe en día son as Escolas.

Na actualidade as Escolas están totalmente consolidadas e constitúen unha das asociacións deportivas con maior número de afiliados, non so en Bergantiños, senón en toda a Costa da Morte.

Desde os catro anos, co grupo de iniciación, e as categorías prebenxamín, benxamín e alevín -categorías que se forman nas Escolas- cada tempada corren polos campos de fútbol coa camiseta das Escolas Luis Calvo máis de 300 rapaces e rapazas.

En 2005 o noso galardoado organizou a primeira edición do «Torneo Internacional Concello de Carballo "Memorial José Luis Vara Oliveira"», de fútbol 7 alevín, que ano a ano medra en relevancia, levando o nome do fútbol base carballés aos clubs máis importantes de España e de Europa, estando recoñecido coma un dos mellores torneos da súa modalidade.

Tamén leva anos organizando o «Torneo Fútbol 11 Alevín Conservas Calvo». Xa vai pola X edición; e este verán celebrarase o III Campus de Tecnificación.

Ademais do galardón de Carballés do Ano por parte do tecido asociativo de Bergantiños, tamén ten recibido o recoñecemento á mellor iniciativa de fútbol base e mellor iniciativa de promoción do fútbol base polo Torneo Internacional F7 por parte da Gala do Fútbol Base de A Coruña, ou o Premio especial de colaboración e comportamento outorgado na Gala dos Árbitros Galegos.

Como din desde as propias Escolas, as entidades deportivas, como parte da sociedade son un factor máis de socialización, e polo tanto, teñen que corresponsabilizarse cos pais e nais e co resto da sociedade de cal é o rol que dentro do eido educativo lles toca seguir. Non pretenden ser un simple centro lúdico no que os rapaces e rapazas poidan pasar un par de horas, senón un auténtico centro educativo deportivo.

O máis importante para o Carballés do Ano non é só aprender técnicas de xogo, senón sobre todo inculcar principios e valores en torno ao deporte; principios e valores coma o compañeirismo, o respecto, a tolerancia, a igualdade, o pluralismo,... todo isto sen esquecer o significado da palabra «equipo».

Como promotora e defensora dos altos valores educativos, formativos e deportivos, recollendo o sentir popular desta comunidade, vimos en proclamala **CARBALLÉS DO ANO 2.017**.

**BERGANTIÑÁN DO ANO DO ANO 2017**  
**«ALOUMIÑOS, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON NECESIDADES**  
**ESPECÍFICAS DA COSTA DA MORTE»**

Aloumiños é a voz dos nenos con necesidades específicas na Comarca de Bergantiños, que xurde en 2014 coa intención de loitar e traballar pola inclusión social e educativa dos pequenos con necesidades especiais. Esta entidade sen ánimo de lucro que preside María Becerra confórmase por uns 70 socios e nace das inqedanzas e o traballo desinteresado dun grupo de pais e nais da Costa da Morte que decidiron dar un paso adiante e xuntarse para poñer en marcha este valente e solidario proxecto que cubre un baleiro demandado pola cidadanía.

A súa visión é global e persegue a mellora da calidade de vida dos asociados; a intervención a cargo de equipos de orientación, psicoloxía, fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, e outros tratamentos específicos, cunha programación personalizada e seguimento de cada neno; a formación e información para profesionais, pais e nais, e para a poboación en xeral; sensibilización da poboación coa finalidade de achegar á cidadanía ao mundo da discapacidade, e a mesma, coa finalidade de favorecer a integración igualitaria de tódalas persoas na comunidade. En definitiva, crear un punto de encontro a onde as familias se poidan dirixir.

Con estes obxectivos Aloumiños, ademais das labores de información e asesoramento continuo prestadas os seus desenvolve distintas accións entre as que se poden destacar:

- PROGRAMA DE EDUCACION FAMILIAR E SOCIALIZACIÓN PARA A DIVERSIDADE, que consiste na elaboración de diversas reunións entre profesionais do ámbito social, sanitario e familias de persoas con necesidades específicas, para resolver dúbidas, partindo da certeza de que a información e o coñecemento é fundamental para que as familias poidan acometer as diferentes patoloxías e situacións de discriminación da forma máis adecuada posible.
- O PROXECTO EDUCATIVO “CALENDARIO DE VALORES”, dirixido á infancia e que pretende chegar a toda Galicia. Ten como obxectivo educar aos nenos e nenas en valores pola súa familia, os seus mestres e pola sociedade en xeral, favorecendo a convivencia tanto no colexio como na comunidade. Así Aloumiños

creou un calendario que invita a traballar cada mes cun valor, a través dunha imaxe que o resume e un conto co cal se pretende facer reflexionar aos máis cativos. «Somos iguais», «Todos somos únicos», «Temos dereito á educación», «Xuntos sumamos», «Los amigos no tenemos barreras», «Me falta un brazo, pero tengo un amigazo»... Son algúns dos lemas ideados polos pequenos para o calendario anual de Aloumiños. 2017 foi o ano dos valores, 2018 o dos trastornos de neurodesenvolvemento e, este 2019, será o dos nenos.

- Tamén poñen en marcha accións de **TERAPIA ASISTIDA CON ANIMAI**S para promover melloras na función física, social, educacional, emocional e/ou cognitiva das persoas.
- **COLABORACIÓN NO CAMIÑO DOS FAROS SEN LÍMITES** e **FESTIVAL INCLUSIÓN 2017**, unha xornada que pretende promover o ocio saudable e inclusivo entre os membros da comunidade, mediante actividades musicais.

En definitiva, Aloumiños é unha asociación conformada principalmente por pais e nais que camiñan xuntos e cuxas necesidades se centran na importancia de educar aos seus fillos para que aprendan a dar valor a algunhas condutas e comportamentos que lles axudarán a converterse en persoas empáticas, coherentes e con principios, de forma que lles permita convivir de mellor forma e a sentirse ben no ambiente no que se encontran. Valores como a amizade, a comprensión, a tolerancia, a paciencia, a solidariedade e o respecto, son esenciais para aprendizaxe de todas as persoas en xeneral, e dos nenos en particular.

Como promotora e defensora dos altos valores de integración, sociais, e solidarios, vimos en proclamala **BERGANTIÑÁN DO ANO 2.017**.



## **GALEGO DO ANO 2017**

### **«FIOT, FESTIVAL INTERNACIONAL OUTONO DE TEATRO»**

O Festival Internacional Outono de Teatro celébrase en Carballo desde o ano 1992. Está organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, coa colaboración do Concello de Carballo, e dirixido por Alberto Sueiro. Atraxe a máis de dez mil participantes cada ano no mes de outubro.

A Asociación Cultural Telón e Aparte créase en 1992 en Carballo, a partir dun grupo de teatro afeccionado nacido no seo da Asociación Cultural Lumieira. Ante a carencia de programación teatral de calidade na comarca, decidiron ampliar as súas actividades tamén na difusión teatral, promovendo un proxecto cultural cunha oferta teatral de calidade. E así xurdiu o Festival Internacional Outono de Teatro, celebrándose a primeira edición na primavera de 1992, pasando logo ao outono.

Durante uns anos a programación tivo unha duración dunha semana e celebrábase no extinto Cine Rega. A creación en 1999 dunha das actividades emblemáticas do FIOT, a Rúa dos Contos, trouxo consigo tamén o crecemento en extensión do festival, que se ía ampliando con novas propostas ano a ano.

Un factor esencial para a evolución do FIOT foi tamén a construción do Pazo da Cultura, dotado cun auditorio e cunhas boas instalacións e dotación escénica, que desde a súa inauguración no ano 2002 se converteu na sede do Festival. Na actualidade, ese espazo mostrouse como insuficiente dado o crecemento do Festival.

A estreita colaboración entre a Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo é un dos sinais de identidade do festival, estando integrado o equipo de traballo por membros da Asociación e tamén por persoal da Concellaría de Cultura, completándose nos últimos anos cunha vintena de voluntarios.

Tódolos outonos, durante un mes enteiro Carballo convértese na capital das artes escénicas de Galicia, con máis dunha trintena de obras e máis de cen actividades programadas.

O FIOT busca visibilizar tanto compañías de referencia como creadores emerxentes. E para ilo ofrece unha ampla panorámica, multidisciplinar, do que son as artes escénicas no século XXI. Así temos o Programa de sala, coas compañías máis importantes do panorama teatral galego e español; o OTNI (Obxecto Teatro Non Identificado), un espazo para o máis

contemporáneo e alternativo do teatro actual; a Rúa dos Contos, un ciclo pioneiro en Galicia na narración oral e nos monólogos que acaba de celebrar a 20 edición; o concurso de microteatro Metro Cadrado (M2), un xeito de achegar propostas de proximidade en espazos singulares; Teatro de Rúa; o Fiotiño, dedicado á audiencia máis nova; o Concurso Escolar de Teatro Lido; ou o FiotEEN, dirixido ao público adolescente.

A todo isto hai que engadir o Premio do Público, o galardón do Xograr de Outono, o programa de voluntariado, actividades formativas como a Escola do Espectador, obradoiros, Café Con..., actividades artísticas como Zoom Fiat, ou exposicións.

Todas estas liñas de programación articulan unha oferta na que atopamos as máis importantes compañías galegas xunto ás máis relevantes de España e referencias doutros países, dando cabida a diversidade de disciplinas, xéneros e formatos e ás novas linguaxes, así como á estrea de espectáculos, e participando tamén nos procesos de creación con residencias ou coproducións.

Ademais deste premio de Galego do Ano, que supón un recoñecemento do tecido social e cultural de Bergantiños, en setembro de 2018 a Xunta de Galicia outorgoulle o Premio da Cultura Galega no ámbito das Artes Escénicas, como «referente na difusión e visualización das artes escénicas de Galicia (...) pola súa traxectoria, calidade da programación e a variedade das propostas de intermediación cultural que ofrece e (...) como un dos máis importantes festivais de Galicia». Tamén os últimos «Informes del Observatorio de la Cultura en España» sinalan ao FIOT entre os 10 proxectos culturais máis importantes de Galicia.

En definitiva, como di o propio FIOT «Carballo é o corazón do teatro en Galicia. All you need is FIOT».

Como promotor e defensor dos altos valores culturais e das artes escénicas, recollendo o sentir popular desta comunidade, vimos en proclamalo GALEGO DO ANO 2017.